

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda pola Xunta de Galicia, aos países que levaron a cabo vertidos de residuos nucleares preto das costas galegas, da súa vixilancia estrita e constante, así como da emisión de informes do seu impacto ambiental (10/PNC-001743, documento número 21189)

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado a solicitude aos países responsables dos vertidos que os manteñan baixo unha vixilancia estrita e constante e que emitan informes ao respecto para garantir que non están contaminando o medio ambiente.”

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 16:25:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2018 16:25:45**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade de Elnosa, en Lourizán, na ría de Pontevedra (10/PNC-001750, documento número 21287)

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir e facer cumprir o protocolo suscrito no ano 2013 pola Consellaría de Medio Ambiente coa empresa Elnosa, no que esta se comprometía a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual situación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A cesar efectivamente a produción de cloro líquido con data 31 de agosto de 2107, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.
2. Cumprir estritamente a normativa de vertido cero para contaminantes como o mercurio e aplicar estritamente os criterios ambientais legais para a emisión do informe sobre a ampliación da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre que Elnosa ocupa na actualidade.
3. Constituír unha mesa de negociación na que estean presentes todas as administracións para buscar unha nova situación para a empresa Elnosa, a ser posible na comarca de Pontevedra.



 Grupo Parlamentario

4. Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado para iniciar o proceso de recuperación para uso público dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán.”

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 16:25:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2018 16:25:24**

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as xestións que se deben levar a cabo en relación coa inclusión de Galicia no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías (10/PNC-001921, documento número 24316)

### Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a dar cumprimento do texto aprobado por unanimidade, no Pleno do 19 de decembro de 2017, sobre a necesidade de redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías, a inclusión dos portos galegos no mesmo, a demanda ao Goberno de España da súa defensa ante as instancias europeas, así como outras medidas de colaboración e impulso recollidas no texto.”

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 17:05:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2018 17:05:20**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-001612 (19834)**, sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a execución das obras de **reparación** da **estrada LU-710** no tramo comprendido entre o enlace coa A-6 e Baralla de xeito que teña as mesmas características e anchura que o resto da estrada arranxada.

### **Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar neste ano 2018 os trámites necesarios para realizar as obras de arranxo da estrada LU-710 entre o enlace ca A-6 e Baralla, de tal maneira que este tramo conte coas mellores prestacións posibles que sexan compatibles coa orografía do terreo e cos valores naturais do río Neira e a súa contorna”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/02/2018 17:53:05**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 28/02/2018 17:53:14**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-001921 (24316)**, sobre as xestións que se deben levar a cabo en relación coa inclusión de Galicia no **Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías**.

### **Emenda de substitución**

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender a redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías, de xeito que incorpore e priorice a conexión ferroviaria dos portos galegos de Vigo e A Coruña co seu trazado español actual, a través de Monforte, León e Palencia.
2. Demandar do Goberno de España que defenda nas instancias europeas esta redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías.
3. Impulsar a colaboración doutras comunidades autónomas, concellos e deputacións provinciais para facer avanzar esa proposta.
4. Establecer o ano 2018 como referencia para acadar esta redefinición, de xeito que poida incluírse o seu financiamento no próximo período comunitario de programación.
5. Demandar do Goberno de España que dea traslado desta demanda á Comisión Europea, ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións.
6. Dar traslado deste acordo aos gobernos e parlamentos autonómicos de Asturias e Castela-León, para continuar avanzando na fronte común iniciada coa



declaración institucional conxunta de apoio e impulso á modificación do Corredor Atlántico asinada polos tres gobernos autonómicos en Santiago de Compostela na data 9 de outubro de 2017”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/02/2018 17:53:48**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 28/02/2018 17:53:57**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-001743 (21189)**, sobre a demanda pola Xunta de Galicia, aos países que levaron a cabo vertidos de **residuos nucleares** preto das **costas galegas**, da súa vixilancia estrita e constante, así como da emisión de informes do seu impacto ambiental.

### **Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga as xestións pertinentes ante as institucións europeas que permitan asegurar a vixilancia dos vertidos nucleares na Foxa Atlántica así como obter información que garanta que non están tendo impacto no medio ambiente”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/02/2018 17:54:26**

**Gonzalo Trenor López na data 28/02/2018 17:54:34**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-001877 (23712)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos **campionatos** e a Supercopa Galega de **Caza do Raposo**.

### **Emenda de substitución**

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno central a iniciar un debate a nivel nacional sobre a viabilidade de manter a realización deste tipo de competicións de caza do raposo dentro do marco legal existente, tanto no ámbito cinexético como no deportivo.
2. Non subvencionar estas actividades, non apoialas nin participar na súa promoción e desenvolvemento.
3. Que ningún cargo público nin representante da administración galega asista aos actos relacionados con esta inxustificada competición de morte de fauna silvestre”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/02/2018 18:01:49**

**Gonzalo Trenor López na data 28/02/2018 18:01:57**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-001929 (24454)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para arranxar as deficiencias existentes na estación de tratamento de **auga potable** do concello de **Ordes**, así como na rede de abastecemento municipal.

### **Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar colaborando co Concello de Ordes para axudar ao municipio a acadar un desenvolvemento máis eficaz das súas competencias municipais en materia de saneamento e abastecemento”.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/02/2018 18:01:00**

**Gonzalo Trenor López na data 28/02/2018 18:01:09**



Á Mesa da Comisión 2ª.

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 23399, do Grupo Popular, que está incluída na orde do día que esta comisión vai celebrar o 1 de marzo de 2018. (10/PNC-0001864.

Emenda de Engádea

Débese engadir ao final do punto 1 da parte resolutiva o seguinte:

- A que incorpore as propostas de mellora do Proxecto da pasarela aportadas polo Concello de Coruña.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 28/02/2018 18:27:58**